Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 162. Xullo 2019. Distribución gratuíta

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

EMPRESA
Analizamos con Plagostel como previr e eliminar pragas comúns P8

CULTURA
X Encontro Interxeracional de Charamela o 27 de xullo P18

ENTREVISTA

Lila Quinteiro, Tu Boutik, P23

Melide e os Concellos da comarca constitúen as súas corporacións

Tralas diferentes tomas de posesión o pasado 15 de xuño, os Concellos da comarca xa celebraron os plenos de organización e constituíron as súas corporacións. Melide contará con tres dedicacións exclusivas e Toques con unha. En ambos concellos gobernará un bipartito, mentres que en Santiso e Sobrado gobernarán en maioría absoluta os nacionalistas no primeiro, e os socialistas no segundo. P10, 13 e 14

Pleno de organización en Melide

Toma de posesión en Toques

Toma de posesión en Santiso

Toma de posesión en Sobrado

Reparan os danos causados no cruceiro de Visantoña

Un camión que manobraba nas inmediacións produciulle os danos o pasado mes de outubro. Tras recibir o Concello o permiso de Patrimonio a finais do mes de maio, a estrutura foi restaurada . P13

Denuncian unha nova vertedura de xurro ao Furelos

A Asociación de Troiteiros Río Furelos denunciou unha nova vertedura de xurro ao río Furelos producida entre a Ponte da Pedra e a Presa de Bande. O colectivo pide que se lle faga un seguimento ás granxas. P11

Editorial

Nós tamén presumimos de galego

Viñeta de Luis Davila

Que hai talento no IES de Melide é sabido por todos, á vista están os numerosos premios que recibiron e continúan recibindo, tanto alumnos como profesores. Un dos últimos foi polo proxecto "Eu presumo de galego" dentro dos Premios Mil Primaveras na categoría de fomento do galego na infancia e/ou mocidade.

Con ese proxecto, segundo explicou o xurado que outorgou o premio, "a partir dunha actividade concreta como un concerto, o IES de Melide creou un proxecto transversal que inclúe accións relacionadas coas matemáticas, a tecnoloxía, o traballo coa madeira, a radio ou a edición de vídeo".

Non podemos sentirnos máis que orgullosos e felicitar a todo o conxunto do IES polo seu traballo en prol do galego, e máis nos tempos convulsos nos que vivimos hoxe en día, onde moitos tan pouco amor lle profesan á nosa querida lingua.

Fomentar o uso do galego dende a infancia e entre a mocidade debería ser o habitual e algo normal, non unha excepción merecedora dun premio. Non obstante, sabemos que aínda non acadamos esa normalidade cando vemos que dende as institucións presentan medidas para promover o uso da nosa lingua.

É o caso das 40 medidas para promover o uso do galego entre a mocidade desde todos os ámbitos da sociedade que recentemente presentou a Xunta de Galicia dentro do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022.

Trátase, din, dun documento que ten como obxectivo "abordar a necesidade conxunta de incidir na promoción social do uso do idioma pola xente nova, para garantir así o seu uso, transmisión e pervivencia".

Dito documento tamén recoñece á mocidade "como grupo fundamental no futuro do idioma e incide na necesidade de desenvolver actuacións a prol do seu coñecemento e emprego neste grupo de idade fixado, nomeadamente, entre os 14 e os 30 anos". Precisamente por isto, non podemos estar máis satisfeitos da nosa mocidade, esa mocidade que asiste ao IES de Melide e recibe premios polos seus proxectos en galego, e que tamén publica narracións e poemas en galego a través do noso xornal.

Dende aquí, os nosos parabéns e sobre todo, grazas! Benvida sexa calquera medida que axude a recuperar, fomentar e asentar un sinal de identidade tan noso como o galego; como a nosa lingua.

Tribuna de opinión

De ética e refráns...

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Poderiamos empezar tirando de refraneiro popular... algo así como "consejos vendo y para mi no tengo" para referirnos ao espectáculo ao que estamos asistindo en Galicia e en toda España. Referímonos á "autosuba" de salarios por parte dos alcaldes e alcaldesas, sen excepción, inmediatamente despois de tomar posesión do seu cargo, cando seguramente na oposición non deixaron de criticar as cifras.

Se ben é certo que en Galicia os rexedores están a ser un pouco máis comedidos á hora de incrementar o seu propio soldo, no resto de España as decisións foron máis numerosas e considerablemente altas. Por poñer un exemplo dos máis esperpénticos, o alcalde popular dun concello de Alicante decidiu adxudicarse un salario un 160% máis alto.

Así. Porque si. Un 160% máis, cando a suba aplicada ao salario mínimo dos traballadores en España foi de pouco máis dun 22%, e iso tendo en conta toda a apocalipse que en teoría se ía producir motivada por esta suba. E non falemos dos autónomos, que por subir... o único que lles soben é a cota a pagar.

Hai quen lle chama hixiene democrática, outros chamámoslle ética e sentido común. Incluso vergonza. Pero se ve que diso no noso país queda cada vez menos entre a clase política. Faise necesario empezar a marcar uns límites porque a falta de ética e de compromiso coas institucións públicas, e sobre todo co pobo, supera calquera ficción.

De momento, a falta de ética, seguiremos tirando de refraneiro...

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Asociación Veciñal Melidá e alumnos e alumnas do IES Melide
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....10
- COMARCA.....13
- CULTURA E LECER 18
- COLABORACIÓNS.....21
- ENTREVISTA.....23

Na busca de opcións para o Mercamelide

O comercio asociado mantivo recentemente unha reunión co obxectivo de valorar algún que outro cambio na edición de verán de Mercamelide. Nun principio barallouse a posibilidade de celebrar a cita no exterior das tendas sen baixar ao Palacio de Congresos, aínda que de momento mantense a idea de organizar esta edición de verán no lugar de sempre. En canto á data, será en principio os días 24 e 25 de agosto no Palacio de Congresos e Exposicións.

Pasarela de outubro

En dita reunión tamén se abordou a necesidade de continuar con dúas edicións da pasarela de moda ou suprimir a de outono-inverno. Finalmente acordouse continuar, polo menos este ano, coa edición de outubro sempre e cando se manteña un mínimo de tendas participantes.

Asetem recolle as suxestións dos comerciantes na Noite Aberta

Un ano máis o Centro Comercial Aberto Asetem de Melide (CCA-Asetem) puxo en marcha a campaña da Noite Aberta. Nesta edición os comerciantes amosáronse prudentes á hora de facer balance, pois foron varios os que coincidiron en sinalar que a afluencia de xente foi lixeiramente inferior á de edicións anteriores. Do mesmo xeito, dende a asociación de empresarios recolleron algunhas suxestións como a de modificar o horario e pechar a xornada ás 23.00 horas en vez de ás 00.00. Polo demais, a xornada transcorreu entre grandes descontos e o tradicional sorteo na praza do Cantón que este ano contou tamén coa presenza de Eva Iglesias, imaxe de Asetem – CCA.

INFORMACIÓN ELABORADA POR CC XESTIÓN

SUBVENCIÓNS VIXENTES: AUTÓNOMOS

PROGRAMA DO BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS, CONVOCATORIA PARA 2019 (DOG 124, DO 02/07/2019)

Beneficiarios: 1.- As persoas autónomas que estean de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou mutualidades de colexios profesionais, con unha antigüidade efectiva de máis de 42 meses, contados na data da solicitude; que teñan un rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas na declaración do IRPF inferior a 30.000 euros e unha facturación mínima de 12.000 euros anuais (IVE incluído), declarados no ano anterior ao da convocatoria. **2.- Sociedades** e comunidades de bens, que teñan unha persoa autónoma societaria cunha antigüidade na actividade empresarial superior a 42 meses; que teñan unha facturación mínima anual de 12.000 € (IVE incluído); e con unha base impoñible no imposto de sociedades de 2017 inferior a 30.000 euros (ou rendemento neto reducido dos rendementos das actividades económicas do IRPF inferior a 30.000 euros, no caso de tributación en réxime de atribución de rendas). No caso de autónomos que tributen en módulos, deberán facer unha declaración responsable da facturación emitida no 2018.

Liñas de axuda: a) Mellora da competitividade a través dos seguintes SERVIZOS: Investigación de mercado; plan de marketing; plan de comunicación de negocio; plan estratéxico de negocio; plan de crecemento; plan de reorientación de negocio; plan de uso de novas tecnoloxías no negocio; plan de refinanciamento. **b)** Mellora da competitividade a través dos seguintes INVESTIMENTOS: Compra de maquinaria, útiles e ferramentas; reforma do local do negocio, equipamentos informáticos; rótulos; aplicacións informáticas e páxinas web; creación do logotipo do negocio; e mobiliario.

Serán subvencionables os investimentos e gastos realizados dende o 03/07/2019 ata a data límite de xustificación establecida na resolución de concesión da axuda, co límite do 31 de decembro de 2019. **Contía:** 80%, co límite máximo de 3.000 € polo conxunto de actividades subvencionables. **Obrigas,** entre outras: permanecer de alta no RETA ou mutualidade por un período mínimo de 2 anos dende a solicitude da axuda. **Prazo de solicitude: Ata o 02/08/2019.**

www.floristeriamaru.es
floristeria.maru@gmail.com
Floristería Maru / María Cabado

Floristería MARU

Vodas, comuñóns, bautizos... no día máis especial elixe a confianza e o saber facer de Floristería Maru

Rúa do Convento, 9
15800 · A Coruña
Tlfns. 981 50 75 80 / 607 50 75 79

PERITOS MELIDE

Javier López López - ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049
peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Informes de validación gráfica alternativa
- Fotos antigas do Catastro
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos e traídas de auga

Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Asetem participa na presentación do tícket dixital para un comercio máis sostible

O presidente de Asetem, Manuel Vázquez, e a xerente, Pilar López, asistiron en Santiago á presentación do proxecto do tícket dixital, que a Federación Galega de Comercio pon en marcha con Comercio360Galicia. Esta ferramenta permite aos comercio e aos clientes substituír o tícket tradicional impreso por un sistema dixital, eficaz e ecolóxico. O tícket electrónico mantén todas as garantías dun tícket en papel. Na presentación estiveron o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde; e a directora xeral de Comercio, Sol Vázquez Abeal, entre outros.

O presidente de Asetem asiste á entrega do Premio Liderazgo Empresarial 2019 da CEC

Un ano máis a Asociación de Empresarios Terra de Melide estivo representada na entrega do Premio Liderazgo Empresarial 2019 que outorga a Confederación de Empresarios da Coruña (CEC), e que recoñece o labor de empresarios galegos destacados. O presidente do colectivo melidense, Manuel Vázquez, asistiu ao acto celebrado en Oleiros no que este ano recibiu o galardón o director xeral de Vegalsa-Eroski, Joaquín González Iglesias.

Cooperativas Lácteas Unidas (CLUN), reelixe a José Ángel Blanco como presidente

Foto: Clun

José Ángel Blanco foi reelixido como presidente de CLUN durante os próximos catro anos. A súa candidatura estará integrada por nove membros que compoñen o novo consello reitor (a diferencia do anterior que estaba integrado por 28), todos eles socios gandeiros. Carmen Rodríguez ocupará a vicepresidencia e Pablo Costoya repite como secretario. No novo consello están representadas todas as zonas nas que a cooperativa ten presenza de maneira proporcional ao seu número de socios.

Éxito de participación na quinta edición da cata de viños organizada por Ribeirao

Foto: V.Ribeirao

Éxito total da quinta edición da cata de caldos organizada pola Viñoteca Ribeirao na que este ano participaron un total de 26 bodegas de Galicia, Rioja e Ribera del Duero. O evento congregou en Melide a adegueiros das cinco Denominacións de Orixe galegas, e doutros puntos de España, que distribúen os seus produtos a través de Ribeirao, así como a numeroso público. A degustación para os profesionais do sector comezou ás sete da tarde, mentres que o público en xeral participou a partir das oito e media. Antes, os adegueiros e o responsable do local, Manuel Ferreiro, realizaron unha ruta polo casco histórico de Melide con xantar incluído no que non faltou o polbo á feira.

Peluquería Coral

Tlfns.:
981 50 53 23
667 68 27 71

Rúa Joaquín Gundín, nº 7
(Melide)

TAXI en Melide

María Jesús Vázquez 667 682 771

INFORMACIÓN ELABORADA POR CC XESTIÓN

AXUDAS DO PROGRAMA EMEGA PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO FEMININO EN GALICIA. (DOG 127, DO 05/07/2019)

Beneficiarias e requisitos xerais:

Empresas privadas, constituídas por mulleres, que inicien a súa actividade ou formalicen os seus plans Innova ou Activa, entre o 01/08/2018 e o 05/08/2019, microempresas ou pequenas empresas calquera que sexa a súa forma xurídica, cando a administración da empresa sexa exercida por mulleres e o capital social estea maioritariamente subscrito por mulleres (pequenas empresas) e integramente subscrito por mulleres (microempresas).

As promotoras deben estar de alta na Seguridade Social, desenvolvendo a súa actividade de forma habitual.

Liñas de axuda:

LIÑA EMPRENDE

Dirixido a empresas de nova creación, que inicien a súa actividade entre o 01/08/2018 e o 05/08/2019.

Entre outros requisitos, ten que supor a creación dos postos de traballo de todas as promotoras; desempregadas durante un período mínimo de 1 mes inmediatamente anterior á data de inicio da actividade. No caso de empresas constituídas por máis de unha promotora, a condición de desempregada deberá cumprirse polo 50% das promotoras, como mínimo.

Contía: Entre 8.000 e 20.000 €, segundo o número de postos de traballo para mulleres que se creen.

LIÑA INNOVA

Para empresas que acrediten a realización efectiva da actividade empresarial entre 2 e 5 anos. Deben presentar un proxecto de mellora que supoña a creación, como mínimo, de un posto de traballo para unha muller, de capacitación profesional media ou superior, por un período mínimo de 2 anos.

O proxecto de mellora levarase a cabo entre o 01/08/2018 e o 15/11/2019 e deberá materializarse nalgunha das seguintes accións:

.- Desenvolvemento de tecnoloxías avanzadas para a obtención de novos produtos ou procesos, ou mellora dos existentes.

.- Aplicación de novas fórmulas de produción ou distribución.

.- Diversificación da produción e/ou ofertas de produtos ou servizos.

.- Reformulación empresarial para a achega ao mercado de produtos ou servizos innovadores ou de especial singularidade.

Contía: Entre 12.000 e 20.000 euros, segundo os postos de traballo para mulleres que se creen.

LIÑA ACTIVA

Dirixido a empresas que acrediten a realización efectiva da actividade empresarial por un período mínimo de 3 anos e que presenten un proxecto de reactivación para o mantemento do emprego e para asegurar o equilibrio empresarial. Deberán manter ou incrementar o número de postos de traballo por conta propia ou allea preexistentes.

O proxecto deberá materializarse no período comprendido entre o 01/08/2018 e o 15/11/2019.

Contía: Entre 6.000 e 15.000 euros, segundo o número de postos de traballo para mulleres.

LIÑA ITEF

Para a creación dun proxecto empresarial innovador, no eido da investigación e da tecnoloxía; que inicien a actividade entre o 01/08/2018 e o 05/08/2019. A promotora ou unha delas, como mínimo, deberá ter titulación universitaria relacionada co ámbito da ciencia, do coñecemento ou da tecnoloxía, e o proxecto deberá supor a creación dos postos de traballo de todas as promotoras.

Contía: Entre 16.000 e 40.000 euros, segundo os postos de traballo para mulleres que se creen.

CONCILIA

Axuda complementaria das liñas anteriores, para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar. Modalidades:

.- Concilia-Promotora. Incentivo de 3.000 euros por empresa, cando algunha promotora teña fillos menores de 3 anos.

.- Concilia-Persoas Traballadoras. Incentivo de ata 5.000 euros, segundo o tipo de pacto de conciliación ou acordos individuais de teletraballo e o número de traballadores afectados.

Prazo de solicitude, para todas as liñas: Ata o 05/08/2019

POR SER DE XUSTIZA

A mínimo vital da pensión de alimentos

Eva Novás
Avogada

A pensión de alimentos dos fillos menores de idade ten unha natureza case de carácter público. Non é unha cuestión privada das partes, é unha obriga que deriva da patria potestade e un tipo de débeda sobre a que non se pode dispoñer, non cabe nin a compensación nin a condonación. Isto pode estenderse ós fillos maiores de idade pero que non sexan independentes economicamente, e a obriga refírese tanto ós fillos matrimoniais como extra matrimoniais, en plena igualdade de dereitos, o que ás veces parece esquecerse.

A súa contía establécese en base ó principio de proporcionalidade, de acordo coas posibilidades de quen ten que pagala e as necesidades de quen debe recibila. Este equilibrio tamén debe darse entre as posibilidades dos obrigados ó pago, se fosen máis de un, conforme ó caudal do que dispoña cada un deles.

O criterio que debe servir de guía para fixar a súa contía debe ser sempre o interese do fillo, o seu beneficio, se ben se teñen en conta outras circunstancias. Unha delas é o tempo que os fillos pasen con cada proxenitor así como o tipo de custodia que se estableza, sendo cada vez máis frecuente a compartida. Este tipo de custodia non exime da obriga de prestar alimentos pero enténdese que os gastos están máis equilibrados e repartidos: Se non existen diferencias moi grandes entre os ingresos de cada un dos proxenitores, suponse que cada un asume os gastos ordinarios do fillo mentres estea na súa compañía, sendo por metade os extraordinarios. Outras circunstancias que deben terse en conta é o número de fillos ou como se atribuíu o uso da vivenda.

É o tribunal o que debe facer este xuízo de proporcionalidade para fixar un importe mínimo ou "mínimo vital" da pensión de alimentos. Por mínimo vital enténdese a contía mínima que se necesita para cubrir os gastos básicos dos fillos menores. Establécese incluso en casos nos que o proxenitor obrigado a pagalo veu moi reducida a súa capacidade económica por circunstancias como a crise ou o desemprego, e valóranse tamén os indicios de existencia ingresos que proveñan de economía sumerxida. So en supostos moi excepcionais e de forma temporal se pode suspender a obriga de prestar alimentos ós fillos. O criterio de cada xulgado de familia pode variar, posto que se estudia cada caso concreto para determinar o que lle resulte de aplicación.

O mínimo vital tamén varía en función do lugar no que nos atopemos, sendo distinto dunhas comunidades e provincias a outras, segundo o diferente nivel de vida que exista en cada unha. Pese a que cada caso é distinto, na actualidade estímase que o mínimo vital por fillo ronda os cento cincuenta euros mensuais. Existen incluso táboas de carácter orientador elaboradas polo Consello Xeral do Poder Xudicial para axudar ó cálculo das contías das pensións de alimentos, nos que os criterios que se ponderan son os antes mencionados: tipo de custodia, compartida ou monoparental, número de fillos, comunidade autónoma, provincia e localidade da que se trate e ingresos netos do proxenitor non custodio e do custodio.

Só en circunstancias moi excepcionais se acepta a redución deste mínimo, mediante a acreditación de que o obrigado a pagar a pensión é realmente insolvente, con carácter continuado e permanente, non temporal. Nestas situacións de precariedade case absoluta, nos que se acredite que o pagador dos alimentos non dispón do seu propio mínimo vital para subsistir, nin existen indicios de que vaia mellorar de fortuna, é cando se podería reducir ou incluso suspender temporalmente o pago da pensión, podendo requirirse a intervención da administración para que garanta as necesidades dos menores.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

SABER DE LEI

Agora si...! Non é Non!!

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

O pasado 21 de xuño comezou o verán, pero tamén se iniciou un novo camiño para a muller, un camiño como pode ser o da volta a casa soa un sábado despois de saír de festa, ou o camiño seguro de saír a correr un día calquera entre semana, ou calquera outro camiño, pero un camiño máis seguro. Co fallo do Tribunal Supremo sobre o caso da manada, onde condenan aos cinco membros da mesma como autores dunha violación en grupo a unha moza nos San Fermíns de 2016, ponse de manifesto unha garantía á seguridade xurídica que a sociedade viña reclamando en relación aos delitos contra a liberdade sexual.

Un ano antes a esta sentenza, a Audiencia de Navarra ratificou a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra, sentenza que indignou a unha parte importante da sociedade española, condenando aos acusados por un delito de abuso sexual e non por un delito de violación, que é como finalmente cualifica o delito o T.S., elevando polo tanto a pena de cadea de 9 a 15 anos. A un dos membros da manada tamén lle impón dous anos máis polo roubo con intimidación do teléfono móbil da vítima. O tribunal increméntalles tamén a cantidade de euros que pasa a ser de 100.000 pola responsabilidade civil á que ten dereito a vítima. O fallo recoñece que o delito se perpetrou nun ambiente intimidatorio, e no que a vítima en ningún momento consinte os actos sexuais que se levaron a cabo aquela noite naquel portal; e que pola situación intimidatoria adopta unha actitude de sometemento, sufrindo polo tanto unhas dez agresións sexuais con penetracións bucais, vaxinais e anais. Considera polo tanto que os feitos probados da sentenza da Audiencia de Navarra non poden cualificarse como abuso sexual, senón como un delito de violación con dúas agravantes; por un lado o trato vexatorio sufrido pola vítima (penetracións simultáneas, alarde das prácticas mediante a gravación de vídeos...), e por outro lado, a actuación conxunta de dúas ou máis persoas.

A pena podería ter sido maior no caso de que algunha das partes (defensa ou acusación), houbese impugnado o erro que comete a Audiencia de Navarra ao cualificar os feitos como un único delito continuado, xa que pola pluralidade de agresores e de actos agresivos o correcto sería considerar aos acusados como autores e partícipes dunha pluralidade de delitos de agresión sexual. Pero como as partes non impugnaron no seu día este erro, o T.S. non pode facer nada ao respecto, en caso contrario podería haber multiplicado a pena aos acusados, podendo ascender a mesma a 75 anos de cadea cun cumprimento máximo de 20. A decisión do Supremo vai claramente na liña na que tanto a acusación como os colectivos de mulleres, xuristas, partidos políticos, etc, pedían encarecidamente.

Esta sentenza é dende logo novidosa, xa que en canto ás agresións sexuais as mulleres estabamos desprotexidas xuridicamente. Permite recuperar a confianza na xustiza e manter a esperanza de que se sente xurisprudencia, de que sirva como efecto inmediato de prevención xeral, así como para que as mulleres vítimas destes ataques perdan o medo a denunciar e a enfrontarse aos seus agresores e á sociedade en xeral, que na maioría dos casos poñía en dúbida a credibilidade da vítima.

Con esta sentenza probablemente suban o número de denuncias por violación, xa que se ve luz e o temor da vítima descenderá. Segundo o Balance de Criminalidade do Ministerio de Interior en 2016 denunciábanse en España tres violacións por día, número que non deixou de aumentar en anos sucesivos. O caso da manada dos San Fermíns non é un caso illado: manada de Murcia que negan a violación xa que a muller era prostituta; en abril de 2019 a Policía arresta a tres homes por violar a unha moza de 19 anos en Alacante; violación en grupo dunha menor en Maspalomas (Canarias), o mesmo día que os Mossos d´Escuadra deteñen a catro homes en Molins de Rei por perpetrar unha violación en grupo. E poderiamos encher así unha longa lista. Un 7,2% da poboación feminina (arredor de 1,7 millóns de mulleres), recoñecen que sufriron polo menos unha agresión sexual na súa vida, e unha de cada catro recoñece que foi vítima de violencia física ou sexual no último ano.

A violación que se deu neste caso da manada é un delito contra a liberdade sexual dunha muller e é un delito que se comete polo feito de que a vítima é muller. Se non fose muller non se houbese perpetrado o delito. Polo tanto é un ataque polo mero feito de ser muller; polo mero feito da superioridade que un grupo de homes senten por selo, contra unha muller, por selo. Posiblemente eles mesmos non consideren que foi unha violación, porque posiblemente e desgraciadamente eles crean que o actuar así non sexa un delito, senón unha forma máis de entender, sentir e actuar na vida. Un pensamento e un sentimento que desafortunadamente aínda abunda na mente dunha parte da sociedade na que vivimos, e que incluso a propia defensa da manada argumenta para a boa realización do seu cometido: que o home é un depredador sexual con propensión seminal, considerando que os homes precisan de axuda para controlar as súas accións sexuais, xa que o seu desexo é incontrolable.

A cultura patriarcal tamén ten repercusión neste ámbito, onde se naturaliza a opresión e o rol secundario da muller nas relacións sexuais. En obras como no “Ars Amatoria” de Oviedo, obra publicada no ano 16 a.c., recóllese: “aínda que se diga que a posuíches con violencia, que non che importe, esa violencia gusta ás mulleres”... O propio Aristóteles consideraba que a muller estaba sometida ao home, pero que se encontraba por encima dos escravos. Rousseau no s.XVIII mantiña que “a muller debe ser pasiva e débil, as mulleres están feitas especialmente para compracer o home”; ou palabras do poeta Lord Byron no século XIX: “aínda que chorou a súa imprudencia e intentou resistir dicindo en voz baixa que non consentiría xamais... así foi como ela consentiu”. Unha cultura patriarcal dende o inicio da historia ata a actualidade deixa unha profunda secuela na sociedade actual, e mentres non se cambie e non se asuma por parte de toda a sociedade que as relacións entre homes e mulleres deben ser consentidas por ambas partes, que o sexo é igualdade e semellanza, seguirán producíndose violacións e seguirán morrendo mulleres no noso país cada ano.

Dende 2003 morreron 1.000 mulleres a mans das súas parellas ou exparellas polo mero feito de ser muller. Que pasaría se dende esa data morresen 1.000 avogados só polo mero feito de ser avogados, 1.000 albaneis polo mero feito de ser albaneis, ou 1.000 políticos polo mero feito de ser políticos? Estou segura de que o conto cambiaría e de que se tomarían as medidas necesarias para acabar co terror que estamos a vivir. A violencia machista ten máis mortes en 16 anos ás súas costas que a banda terrorista E.T.A (coa que durante case 60 anos foron 864 as vítimas mortais). A comparativa é demoledora. Para acabar con E.T.A foi necesario alcanzar un gran pacto de Estado entre as forzas políticas, que se uniron para poñer fin a esta lacra social, algo que tamén se debería de facer para acabar coa violencia machista, poñer todos os mecanismos necesarios para elo.

Segundo datos de Interior, en febreiro deste ano o número de mulleres en risco extremo era de 10, en risco alto 179, en risco medio 5.183, en risco baixo 26.691. O novo protocolo policial que se puxo en marcha para a cualificación do risco das vítimas de violencia de xénero en marzo pretende mellorar o sistema e diminuír o número de mortes levando a cabo as medidas de protección específicas para cada caso.

Para evitar todo isto, criar, educar, concienciar e lexislar con perspectiva de xénero é fundamental, para acabar con este terror que estamos vivindo en pleno século XXI como é o da violencia que se exerce contra a muller polo mero feito de ser muller.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

“A chinche de cama é unha epidemia global que afecta a albergues, hoteis e casas rurais”

*Periodicamente a Xunta de Galicia realiza inspeccións no sector da hostalería para garantir un servizo de calidade onde prime a seguridade alimentaria. Dende o Cerne quixemos falar con **Plagostel Industria Alimentaria S.L**.; empresa dedicada á hixiene, control e seguridade neste ámbito, para coñecer polo miúdo que aspectos debemos ter en conta á hora de previr posibles pragas e ofrecer un servizo alimentario seguro.*

- Que é Plagostel?

- Iago Alonso Martínez (I.A.): Plagostel é unha empresa formada por xóvenes profesionais. O noso maior valor é a adaptabilidade para cubrir as necesidades dos nosos clientes; necesidades que están en constante crecemento debido ás novas normativas das que nos mantemos permanentemente informados para poder asesorar.

- Que tipo de servizos ofrecen aos seus clientes?

- I.A.: Dende os nosos inicios identificamos as necesidades do sector da alimentación; dende hostalería, bares, ata a industria alimentaria, por iso damos servizo aos nosos clientes nos seguintes aspectos; dende o noso departamento de Hixiene alimentaria: control de pragas, lexionela, contedores hixiénicos e todos os servizos en relación á hixiene que poidan requirir os nosos clientes como hoteleiros, albergues, pensións, casas rurais, particulares, etc. Dende o noso departamento de seguridade alimentaria: prestamos servizo de asesoramento, tramitación de permisos sanitarios (RGS , REGASA, REAGA), e implantación de sistemas de seguridade alimentaria (APPCC, IFS, BRC). Tamén traballamos a elaboración de prerrequisitos, estudo de perigos e puntos críticos de control; elaboración de táboas de alérxenos (fichas de prato); e asesoramento en seguridade alimentaria á hostalería, catering e industria. Posuímos laboratorio propio e colaboramos con outros laboratorios para cubrir todas as necesidades dos clientes tanto en análises de alimentos, como augas, etc. E dende o noso departamento de formación: dedicámonos ao desenvolvemento de formación adaptada ás necesidades actuais e reais. Con todo isto, dende Plagostel intentamos responder de maneira integral ás necesidades dos clientes do sector da hostalería e da industria alimentaria. A totalidade dos nosos servizos compleméntanse entre si.

- En que ámbitos son máis necesarios os diferentes servizos?

- I.A.: Na nosa experiencia diaria damos servizos a empresas de hostalería, centros de educación, centros de maiores, balnearios, centros spa, ximnasios, comunidades, vivendas particulares, albergues, hoteis... Non obstante, a maior demanda dos nosos servizos é a realizada polas empresas.

- Cales diría que son as principais necesidades dos seus clientes?

- I.A.: É directamente proporcional ao risco que podería supoñer non traballar baixo uns controis que garantan unhas condicións hixiénicas óptimas aos seus clientes. En xeral aumentou a demanda dos nosos servizos debido á información que hai hoxe en día dos perigos e a que cada día son máis frecuentes e esixentes as inspeccións que realizan os servizos sanitarios. De feito, a Xunta de Galicia vén de realizar unha campaña de inspección na hostalería para garantir un servizo o máis seguro posible.

- Cales adoitan ser as pragas máis comúns?

- I.A.: Depende da época do ano, do seu ámbito e do sector, pero as máis comúns adoitan ser moscas, cucarachas, formigas, ratas, ratos, carcoma e termita. Logo en albergues, casas rurais, hoteis ou pensións, o máis molesto é a chinche de cama, porque debido a súa morfoloxía (planos pequenos), agóchanse en lugares como somieres, costuras de colchóns e cabeceiros facendo difícil a súa localización. Son realmente difíciles de erradicar debido tamén a súa resistencia aos insecticidas, chegando a producir incluso infestacións realmente importantes. Non abonda con combatelas, é moi importante a prevención para que non cheguen a anidar, por iso realizamos e recomendamos os tratamentos preventivos, que si son eficaces. No século pasado o uso de insecticidas case conduciu á erradicación das chinches; sen embargo, hoxe en día estes insectos rexurdiron de tal maneira que agora representan unha epidemia global afectando principalmente a albergues, hoteis, casas rurais, pisos de vacacións, etc.

- Que se consegue aplicando os diferentes tratamentos?

- I.A.: Eliminar e previr determinados insectos que son prexudiciais para a saúde mediante procedementos químicos, físicos ou aplicando medidas de saneamento básico. Utilizando protocolos de traballo adecuados e respectuosos baixo os requisitos da norma UNE-EN 16636:2015.

- Tamén imparten formación. En que consiste?

- I.A.: Consiste sobre todo en formacións de manipulador de alimentos e alerxias alimentarias. Ademais, na actualidade o noso servizo de formación ten razón social propia -Mentora 360-, e a súa razón de ser é responder a formacións adaptadas ás necesidades de empresas do sector da industria alimentaria, hostalería, seguridade e medio ambiente. Somos tamén empresa organizadora da formación bonificada e estamos acreditados para impartir catro certificados de profesionalidade da familia de seguridade e medio ambiente, para desenvolver accións formativas de mantemento hixiénico sanitario fronte á lexionela, e niveles especiais para o tratamento con tóxicos, gases, etc. Nós adaptámonos e intentamos evolucionar constantemente para responder ás necesidades e expectativas dos nosos clientes; por iso impartimos dende formacións sinxelas que aseguran o desenvolvemento de boas prácticas na manipulación de alimentos e melloran a produtividade das empresas, ata formacións de limpeza industrial, de operacións básicas de restaurante e bar, e certificados de profesionalidade no Servizo de Control de Pragas e Xestión de Organismos Nocivos.

- Como realizan os cursos?

- I.A.: Impartimos os cursos na metodoloxía que mellor se adapte ao cliente, tanto presencial como e-learning, e para iso dispoñemos de plataforma propia. Maioritariamente desenvolvemos cursos individualizados a cada empresa e aos seus traballadores nas súas propias instalacións coa finalidade de responder a necesidades concretas. Despois, as formacións son impartidas por docentes e titores altamente cualificados e con experiencia no sector, feito que repercute nos bos resultados obtidos polos nosos alumnos e alumnas, e no grado de satisfacción reflectido polo cliente.

- Teñen algunha novidade formativa para este verán?

- I.A.: Pois si. Actualmente realizamos un curso que recolle a problemática das chinches de cama. Son moitos os albergues, hostais, hoteis, etc, que se están encontrando con esta praga e non saben como detectala nin tomar medidas para erradicala ou previla. Con este curso queremos darlle ao sector turístico unha ferramenta para enfrontarse a esta situación e saber que medidas tomar; dende informar aos seus empregados, transmitir información aos seus clientes e controlar e previr as chinches de cama.

Tchin Tchin

— ESPECIAL VERANO —

REF: NAIM

REF: NAOMIE

REF: MAGIC 27

TU 2º Y 3er
PAR DE GAFAS
POR 1€ MÁS*

Descubre la colección en **afflelou.es**

*Oferta válida del 03/06/2019 al 31/08/2019. Ver condiciones en óptica. Nº R.S.: E-15-001258

C/RONDA DA CORUÑA, 16
981 50 60 97 - MELIDE

ALAINAFFLELOU
ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259

Constituído o novo goberno que terá tres dedicacións exclusivas

Suman ao ano 107.000 euros e a maior delas será para o primeiro tenente de alcalde, o socialista José Prado

José Manuel Pérez, alcalde de Melide (Adiante Melide), e José Antonio Prado (PSdeG-PSOE), gobernarán cun bipartito os vindeiros catro anos despois de oficializar o acordo acadado entre ambas formacións e celebrar xa o pleno de organización.

Tres dedicacións exclusivas

No novo goberno local haberá tres dedicacións exclusivas, dúas para membros de Adiante Melide que serán unha para Xosé Igrexas cun importe de 34.000 euros, e a outra para María Carmen Liñeira por un importe de 30.000 euros. A terceira dedicación será para o primeiro tenente de alcalde, José Antonio Prado, por un importe de 43.000 euros. "No seu conxunto, a contía económica non supera a cantidade global que tiña o goberno do Partido Popular asignada para eses soldos durante o seu mandato, sendo en cambio superior este equipo ao anterior en número de persoas que traballarán na administración local ao servizo dos veciños e veciñas de Melide", sinalaron dende o goberno.

Pola súa banda, as catro tenencias de Alcaldía serán a primeira para o portavoz do PSOE, José Antonio Prado, a segunda para Xosé Igrexas (Adiante Melide), a terceira para María Jesús Iglesias (PSOE), e a cuarta para Mayka Basalo Santín de Adiante Melide; formando parte tamén da Xunta de Goberno Local, xunto co alcalde.

Sete áreas de goberno

Como alcalde, José Manuel Pérez xestionará a área de Presidencia, Persoal, Obras e Servizos; mentres que José Antonio Prado, primeiro tenente de Alcalde, será o concelleiro de Urbanismo, Deportes e Comunicación. Segundo tenente de Alcalde e concelleiro de Promoción Económica, Facenda, Industria, Traballo, Seguridade Cidadá e Medio Rural será Xosé Igrexas; e a terceira Tenencia de Alcaldía e a concellería de Cultura, Normalización Lingüística e Turismo estará ocupada por Mayka Basalo. María Jesús Iglesias ocupará a cuarta Tenencia de Alcaldía e a concellería de Educación. Finalmente, Política Social, Mocidade e Saúde será xestionada por María Carmen Liñeira; e Participación e Transparencia por José María Santín Amo. Cumpre sinalar que alcalde e primeiro tenente de alcalde xestionarán de forma conxunta os departamentos de Obras,Vias e Infraestructuras e Urbanismo.

Da oposición á Deputación

Na vindeira lexislatura o Partido Popular de Melide estará na oposición, non obstante, xa coñecemos que a súa cabeza de lista e exalcaldesa, Dalia García, será tamén deputada provincial na Coruña pola comarca de Santiago durante dous anos.

Como voceira do seu grupo en Melide, durante o pleno de organización Dalia García apuntou que o bipartito "sairá máis caro aos melidentes"; feito que desmentiu no mesmo pleno o propio rexedor local a través dunha comparativa de soldos e dedicacións entre o anterior e o actual goberno (*ver gráfico):

Imaxes da toma de posesión, do pleno de organización e gráfico





Denuncian a falta de mantemento na piscina municipal por parte do anterior goberno

Comezada a lexislatura preséntase de todo menos aburrida e é que xa fomos testemuñas do primeiro *rifirrafe* entre o estreado goberno de coalición melidense (Adiante Melide/PSdeG-PSOE) e a oposición (PP).

Foi a conta da piscina municipal. Segundo informaron dende o Concello, o atraso na apertura das instalacións, situadas na área recreativa do río Furelos, veu motivado por mor "do mal mantemento realizado polo anterior equipo de goberno local encabezado por Dalia García".

"O actual goberno de Melide, encabezado por José Manuel Pérez, tomamos posesión o 15 de xuño, e o primeiro que atopamos enriba da nosa mesa foi un informe de sanidade onde se indica que non se poden abrir as piscinas municipais de Furelos por falta de mantemento e deficiencias", apuntaron.

Ante isto, e co fin de garantir unha infraestrutura básica para o lecer e tempo libre de todos os usuarios, o Concello realizou días atrás diferentes melloras na instalación para garantir a seguridade de veciños e visitantes e tamén para cumprir coa normativa vixente. "Sería moi irresponsable pola nosa banda privar á veciñanza da utilización dun servizo tan demandado nos meses de xullo e agosto. Retrasaremos a apertura das piscinas descubertas municipais por causas alleas ao goberno local, pero contaremos con esta instalación en óptimas condicións cando rematen os traballos de mantemento", indicaron.

Balóns fóra

Mentres tanto, e a través das redes sociais, a voceira do PP defendeuse aludindo a que deixaron "todos os trámites administrativos feitos" en relación a dita infraestrutura.

Piden explicacións ao goberno local por non outorgar a Medalla de Ouro

O Partido Popular de Melide quixo facer pública a súa "indignación pola falta de respecto institucional do actual equipo de goberno melidense", din, ao non ter contestado á proposta do PP para outorgarlle a Medalla de Ouro de Melide 2019 á Asociación de Festas do San Roque o pasado 29 de xuño, día de San Pedro.

Pola súa parte, dende o goberno local lembraron que "se todos os anos esa decisión se tomaba con tempo suficiente, por que motivo este ano o PP non realizou a proposta co mesmo tempo de antelación, sabendo ademais que as eleccións e o pleno de organización retrasarían dito trámite".

Dende o PP volverán a solicitar a Medalla de Ouro en 2020 para dita asociación.

Testamento vital

O centro de atención primaria de Melide é un dos 17, xunto cos hospitais de Santiago e Ribeira, nos que se rexistra dende hai uns días a documentación que recolle o testamento vital. O Sergas tomou a decisión de incorporar aos centros de saúde debido ao incremento de solicitudes presentadas este ano, 114 no primeiro semestre, por 117 en todo o ano 2018, informou. É preciso destacar que o testamento vital pódese revocar se a persoa así o desexa.

Fomento da igualdade

A Xunta de Galicia destina a Melide, para o fomento da promoción da igualdade, unha achega de 13.000 euros para o Centro de Información á Muller nas anualidades 2019-2020, e algo máis de 9.000 euros en axudas á conciliación para campamentos de verán este 2019.

Troiteiros denuncian unha nova vertedura de xurro ao Furelos

Produciuse entre a Ponte da Pedra e a Presa de Bande



Volveu a acontecer e o río Furelos sufriu de novo unha vertedura de xurro. Denunciábao a Asociación de Troiteiros Río Furelos a comezos destes mes, cando "con nocturnidade, e aproveitando que ía chover, alguén se dedicou a baleirar as cisternas directamente no río", comunicaron. "A desfeita produciuse entre a Ponte da Pedra e a Presa de Bande. Ou sexa, o culpábel / culpábeis poden ser de Toques ou de Melide. Na contorna hai granxas que están na demarcación dos dous concellos. Descuberto o penoso espectáculo, membros da Asociación de Troiteiros enviamos fotos ao concello para denunciar os feitos", informou o colectivo.

Nas imaxes pode verse o dano causado coa vertedura nas augas do Furelos, de cor escura, así como unha intensa capa de espuma. O presidente da asociación de troiteiros, Xavier Pazo, lamentou a impunidade coa que actúan os culpables. "De nada serve que os concellos envíen alí a persoal para verificar a desfeita. Se a actuación se queda niso, a impunidade do infractor queda garantida e volverao facer, como xa temos comprobado noutras ocasións", indicou, e insistiu na necesidade de "levar a cabo un seguimento das instalacións agropecuarias, comprobar periodicamente se cumpren a normativa legal, e se están actualizadas en materia de contención e xestión de residuos para preservar o que é patrimonio de todos", engadiu Pazo.

Situación semellante produciuse hai algo máis de un ano, tal e como lembraron dende o colectivo, nun tramo de catro quilómetros do río Furelos comprendido entre a Ponte Mazaira e a presa de Guillade.

Calidade insuficiente

Á situación de verteduras continuas hai que sumar que un ano máis a praia fluvial de Furelos non será apta para o baño debido á calidade insuficiente das súas augas, unha cualificación de insuficiente outorgada de novo pola Dirección Xeral de Saúde Pública.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia adxudicou a mediados do mes de xuño a redacción do proxecto para solucionar a acumulación de sedimentos na zona de baño de dita praia fluvial. O contrato, adxudicado por un importe de 31.000 euros, ten un prazo de execución de oito meses.

Conclúe o trámite ambiental que permitirá ampliar o polígono industrial

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda resolveu o Informe Ambiental Estratéxico da modificación puntual do planeamento actual en Melide que pretende delimitar un novo sector industrial na parroquia de Santa María de Melide.

Trátase dun ámbito de máis de 30 hectáreas, que se atopa ao sur do núcleo urbano do concello, emprazado ao carón da estrada autonómica AC-840 (Betanzos- Agolada), na parroquia de Santa María e que presenta unha topografía máis favorable.

A comezos de 2019 a Administración local decidiu iniciar o procedemento para definir un novo solo industrial, xa que o actual parque empresarial da Madanela está preto de esgotar a súa capacidade.

En base a esa solicitude, a Consellería de Medio Ambiente iniciou en marzo o período de consultas previas á formulación, facendo públicos os documentos e consultando a distintos departamentos das administracións públicas.

Tras concluír o período de consulta e analizadas as achegas de distintos departamentos, resolveuse o Informe Ambiental Estratéxico. Non obstante, no informe recoméndase que, previa redacción do plan parcial, se realice un inventario de flora e fauna, se completen as medidas de integración paisaxística para preservar as visuais desde o núcleo de Melide e tamén se analice o impacto acústico dos usos industriais previsto e as áreas residencias colindantes.

Novo galardón para o IES Melide polo proxecto Eu presumo de galego

Ao IES de Melide non deixan de choverlle galardóns. Un dos últimos, o recoñecemento ao proxecto *Eu presumo de galego* na categoría de fomento do galego na infancia e/ou mocidade, dentro dos Premios Mil Primaveras. O xurado valorou positivamente "a súa flexibilidade e eficiencia, que o converten en modelo transferible tanto a contextos educativos galegofalantes como a castelanfalantes". A partir dunha actividade concreta como un concerto, o IES de Melide creou un proxecto transversal que inclúe accións relacionadas coas matemáticas, a tecnoloxía, o traballo coa madeira, a radio ou a edición de vídeo.

Duascentas persoas de media ao día visitan a oficina de Turismo

O Concello de Melide contratou a tres técnicos de Turismo que darán a información necesaria sobre Melide e Comarca a todos aqueles visitantes, turistas e peregrinos que se acheguen á vila. A oficina de Turismo está situada no Museo de Furelos, na mesma parroquia que lle dá nome, lugar obrigatorio de paso por parte dos peregrinos. A comezos de xullo os datos oficiais eran dunha media de duascentas visitas diarias. Ademais, Madrid e Valencia son as comunidades autónomas que maior número de visitantes aportan, sendo os EE.UU. o primeiro país estranxeiro. Melide é unha vila que nos meses de xullo e agosto chega a triplicar a súa poboación e paso obrigatorio de milleiros de peregrinos na súa viaxe a Santiago de Compostela, razóns polas cales o Concello de Melide decide cada verán poñer en marcha este servizo. Os tres técnicos de Turismo desenvolverán o seu labor ata finais de ano.

O Centro de Día cumpre 10 anos

Melide celebrou os 10 anos de servizo do centro de día cunha xornada na que houbo actuacións musicais e tamén se inaugurou unha mostra fotográfica e un mural conmemorativo. No acto participaron familiares e amigos dos usuarios e usuarias, ademais do xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez; o alcalde de Melide, José Manuel Pérez, e membros do seu goberno. O centro de día de Melide ten 39 prazas, das cales 26 están ocupadas.

A Xunta remata as obras na AC-840

Cun investimento de máis de 48.000 euros, a intervención incluíu a modificación en 3 zonas desta vía. No paso de peóns do cruce semaforizado coa estrada de Toques ampliouse a beirarrúa para impedir o aparcadoiro de vehículos e aumentar a visibilidade.

FESTAS NA HONRA Á VIRXE DO CARME

Chegan as festas máis tradicionais para os melidenses

Ben é certo que cada pobo ten unha festa coa que máis se identifica, pero se hai unha que todos coinciden en sinalar como súa esa é a Festa do Carme, que esperta fervor e admiración en multitude de lugares.

En Melide a Virxe do Carme ten devotos dende tempos moi antigos, e como tal, a tradición vai acompañada dunha celebración festivo-relixiosa intensa.

Por iso, ao igual que en edicións anteriores, este ano a comisión de festas traballou arreo para brindar aos veciños e visitantes tres días nos que predominarán os actos relixiosos e tamén a troula. Non faltarán así as actuacións musicais a cargo de diferentes grupos, nin os actos para os máis fieis entre os que destaca a tradicional procesión do día 16. Non obstante, tanto o luns 15 de xullo como o mércores 17 tamén haberá misas e procesións.

En canto a actuacións, xunto ao acompañamento musical da charanga Támega á misa cantada do día 16, destacan outras como as das orquestras Compostela e Gran Casino na mesma xornada; a verbena do luns día 15, e a celebración do primeiro Certame de Bandas o mércores 17 a partir das 21.30 horas a cargo das bandas de música de Agolada, Beade e Merza. Pola súa parte, as orquestras Trebol e Los Satélites serán as encargadas de poñer o punto e final a tres días de celebración.

Toda a programación é posible grazas ao intenso traballo da comisión de festas, que realiza un labor sociocultural e festivo sen ánimo de lucro para sacar adiante unhas festas moi familiares e tradicionais que veciños e visitantes gozan dun xeito especial.

Á Virxe do Carme, por Emilio Ares

Beatísima virxe decoro e esplendor do Carmelo, vós que contemplades con ollos de singular bondade a cantos visten o voso escapulario, mirade benignamente tamén a miña alma e cubrídeme co manto da vosa maternal protección dende o alto do Castelo.

Fortificade a miña fraqueza co voso poder; iluminade a escuridade da miña mente coa vosa sabedoría; acrecentade en min a fe, a esperanza e a caridade, adornade o meu espírito con tantas grazas e virtudes que sexa sempre agradable ao voso divino fillo e a vós.

Miña doce e cariñosa nai asistídeme na vida, consoládeme na morte coa vosa presenza e presentádeme á Trindade como ao voso fillo e servo devoto para así bendicirvos e loarvos eternamente no ceo.

Sede o noso amparo amoroso dende a nubiña no alto do Castelo.

Sodes do noso consolo o medio máis poderoso, raíña e decoro do Carmelo á que te ofrecemos nesta novena. O noso novenario adornado coas máis variadas flores que brotaron no ameno e delicioso verxel carmelitano; a vós só vos pertencen por ser exclusivamente voso. Dignádevos a aceptar, tenra nai nosa, esta piadosa ofrenda acompañada de cirios e velas; bendicídea para que o aroma exaltado suba como incenso ata o voso trono despois de embalsamar con el as almas dos vosos privilexiados fillos, os Carmelitas, enriquecidos coa singular prenda do sagrado escapulario, reflectindo na oración arroupada por todos cun gran respecto e fervor aos teus fillos os Carmelitas, que descalzos te acompañan en todos os actos. Esplendorosa procesión con banda e gaitas, velones e velas, capas e pendón, cruz e ramos carmelitas.

A nosa Virxe do Carme co seu traxe en perlas de ouro paseando polas nosas rúas e con actos especiais futuros no cruce e na praza das Coles, rematando no alto do Castelo onde concorremos fervorosos e devotos a darche culto e loanza, pois sodes o noso consolo; o medio máis poderoso.

Sede o noso amparo amoroso, nai de Dios do Carmelo.

26M: Nova corporación en Santiso

Os dous novos concelleiros, José Antonio Río e Alejandro Peón, asumen Medio Ambiente, e Deporte e Xuventude respectivamente

Equipo de goberno do BNG en Santiso ao completo o día da toma de posesión (Foto: C.S.)

As eleccións municipais do 26 de maio deixaron dúas maiorías absolutas na comarca; unha delas en Santiso onde os vindeiros catro anos o goberno local continuará liderado polo nacionalista Manuel Adán (BNG), xunto aos cinco concelleiros obtidos nos comicios grazas ao respaldo de máis do 64% da poboación (779 votos).

Cumpre lembrar que nas eleccións de 2015 conformárase unha coalición de nacionalistas e socialistas entre o actual alcalde, Manuel Adán (BNG) e o daquela líder do PSdeG-PSOE e actual número dous, Fernando Suárez.

Reparto de competencias

Agora, cun escenario libre e sen necesidade de pactos, trala celebración do pleno de organización o reparto de competencias quedou da seguinte maneira. Sara Mato será a concelleira de Persoal e Promoción Económica, mentres que Pablo Balboa pasará a ocupar a área de Servizos Sociais e Comunicación. "Estes dous postos de traballo saen de dividir a dedicación que tiña na pasada lexislatura Fernando Suárez (PSdeG-PSOE), mantendo así o gasto dedicado a persoal, o cal vén herdado de hai xa doce anos", explicaron dende o goberno.

Por outra banda, David Fernández mantén a Concellaría de Cultura e, a maiores, asume Turismo ademais de pasar a ser o primeiro tenente de alcalde. Medio Ambiente e segundo tenente de alcalde para José Antonio Río, e Alejandro Peón colle a carteira de Deporte e Xuventude e terceiro tenente de alcalde. "As xuntas de goberno local, nas cales participan todos os membros do equipo de goberno, servirán para axilizar procedementos e manter unha fronte única no sistema de traballo", aclararon.

Coa nova lexislatura en marcha, dende o goberno de Santiso agradeceron "o apoio e a confianza" recibidos nas eleccións municipais e garantiron que traballarán "por todos e todas", do mesmo xeito que colaborarán "asiduamente co resto de forzas coas que concorremos ás eleccións de maio. Políticas cercanas as nosas veciñas e veciños, con pés na terra e gobernando para facer un Santiso mellor", engadiron.

Oposición

Na oposición de Santiso quedan o Partido Popular, con dous escanos e liderado por Matilde Pallares; e o PSdeG-PSOE cun único escano, o de Herminio Mouriño.

Reparan o cruceiro de Visantoña danado por un camión o pasado outubro

Pese aos danos causados nos chanzos, a estrutura do cruceiro non resultou afectada

Visantoña loce por fin o seu cruceiro restaurado despois de que en outubro do pasado ano un camión de grandes dimensións lle causase diferentes danos ao manobrar nas inmediacións.

Tiveron que pasar varios meses ata que a finais do mes de maio chegou ao Concello de Santiso -propietario deste ben do Século XVIII e catalogado no plan de urbanismo- o correspondente permiso de Patrimonio para arranxar a estrutura.

Non obstante, aínda foi necesario agardar unhas semanas máis ata que se propiciaron as condicións meteorolóxicas axeitadas para proceder a súa restauración, tal e como apuntou Marta Díaz Fernández, restauradora da empresa Bic materiales y conservación S.L, encargada de dirixir e supervisar os traballos. "Este tipo de actuacións non se poden facer de calquera maneira, é preciso que o cruceiro estea seco e necesitamos que non chova antes, durante e despois da intervención".

Foi entón a finais do mes xuño cando, coas condicións meteorolóxicas adecuadas, se procedeu ao seu arranxo que consistiu nunha limpeza xeral, recolocación e asentamento dos chanzos, e encintado "para que cando chova escorra ben a auga". "Ao bater o camión contra o cruceiro desprazou os chanzos dun lado, e o que imos facer é levantalos, colocalos no seu sitio, asentalos ben, e logo limpar ben o cruceiro en seco e aclarar en húmido, sempre deixando a pátina histórica; e despois se hai algún anaco que se poida conservar, pegarémolo", sinalou a restauradora. Díaz tamén apuntou que lle houbese gustado reparar os danos causados polo camión coas pedras orixinais do cruceiro, "pero estas desapareceron do lugar", dixo.

Os traballos, que se prolongaron durante un día, contemplan tamén a instalación nun futuro dun valado ao redor. "O problema deste cruceiro é que está nun sitio con moito tránsito e xa levou moitísimos golpes, de feito vese nas pedras dos chanzos que xa teñen moitas roturas antigas, ata teñen pátina do tempo, por iso decidimos poñer tamén uns bolardos perimetrais para que se choca algún coche polo menos non o faga contra o cruceiro", explicou Díaz.

Un traslado viable, pero complicado

Dada a situación do cruceiro, Díaz tamén aludiu a unha posibilidade de traslado do mesmo, aínda que, dixo, "sería complicado posto que non vale calquera lugar ao azar". Ademais, "o Concello como propietario tería que propoñer unha alternativa e Patrimonio autorizala, non é tan doado e áxil como pode parecer", engadiu.

Satisfacción entre os veciños

Escasos días antes de que comezase a restauración do cruceiro en Visantoña, un grupo de veciños concentrouse nas inmediacións para esixir a súa reparación "o antes posible". Como presidente da asociación veciñal e cultural de Visantoña, promotora da xuntanza, Daniel Roibás amosouse "satisfeito de que por fin o cruceiro estea reparado", e asegurou que "dende a asociación seguiremos velando e defendendo o patrimonio do concello".

Os custo dos traballos foi asumido pola aseguradora do vehículo que provocou os danos.

26M: Nacionalistas e socialistas reeditan o pacto de goberno en Toques

Tras quedar a un escano de obter a maioría absoluta, o BNG de Toques optou por reeditar o pacto da última lexislatura cedendo a alcaldía nos dous primeiros anos ao PSdeG-PSOE. Deste xeito, celebrada a sesión de investidura e o pleno de organización, o socialista Miguel Buján será o alcalde de Toques ata que ceda o bastón a mediados de mandato ao seu socio de goberno, o nacionalista José Ángel Penas, en xullo de 2021.

As xuntas de goberno local estarán presididas por Buján (PSdeG-PSOE), e integradas polos tres tenentes de alcalde; José Ángel Penas como primeiro tenente de alcalde (BNG), José Luis Abad como segundo tenente de alcalde (PSdeG-PSOE), e José Manuel Lavandeira como terceiro tenente de alcalde (BNG).

Ao igual que nos últimos catro anos a única dedicación exclusiva será a de Penas, e as competencias continuarán tamén na mesma liña: José Ángel Penas como tenente de alcalde e competencias en Asuntos Sociais, Cultura, Educación e Medio Rural; e Miguel Buján xestionará como alcalde as áreas de Persoal, Obras e Medio Ambiente.

Tal e como apuntaron tralo pleno de organización, os socios de goberno comezarán por rematar os proxectos que quedaron pendentes para despois "tratar de conseguir a maior cantidade de fondos posibles a través das distintas administracións para darlle impulso a algúns proxectos previstos".

Colaboración

Tanto goberno como oposición amosáronse no pleno de investidura dispostos a "colaborar" polo interese xeral dos veciños. Miguel Castro, líder do Partido Popular destacou a "oposición construtiva" que levarán a cabo sendo sempre responsables cos veciños e co apoio recibido. "A nosa visión vai ser sempre colectiva e vamos a traballar dende a oposición para solucionar problemas e non crealos. Espero que este pacto que se conformou teña os seus froitos produtivos", dixo.

26M: A do alcalde será a única dedicación exclusiva en Sobrado

Toma de posesión en Sobrado co equipo de goberno socialista ao completo (Foto: C.S.)

Foi a outra maioría absoluta da comarca, a que obtivo o PSdeG-PSOE en Sobrado con sete escanos e o apoio de máis do 72% dos veciños (1.072 votos). Cun panorama despexado, Luis Lisardo Santos Ares tomou posesión como alcalde de Sobrado o pasado 15 de xuño.

Entre as principais novidades "alternar a xunta de goberno local primeiro con tres concelleiros e despois con outros tres para que todos estean un pouco ao tanto dos asuntos da administración", indicou o rexedor. Será tamén a do alcalde a única dedicación exclusiva en Sobrado "xestionando as distintas áreas dende a alcaldía" sen un reparto específico para cada concelleiro, aclarou Santos.

Na oposición, un único partido, o Partido Popular, que obtivo unha representación de dous escanos, María Jesús García Souto e Ángel López Fidalgo.

O GDR, que estrea presidente, facilita axudas a dous proxectos en Melide a través do Leader

O pasado xoves 27 de xuño o Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla Tambre Mandeo celebrou a Xunta Directiva na que foron seleccionados os proxectos empresariais que terán achegas Leader nesta convocatoria 2019-2020 –un total de seis–, e tamén a súa Asemblea Xeral na que as case 70 entidades que conforman a asociación elixiron nova Xunta Directiva.

Deste xeito a gran novidade chega co cambio de presidente que, en substitución de Ovidio Leiva, a partir de agora será Manuel Taboada, alcalde popular de O Pino.

Selección de proxectos Leader

Das 15 solicitudes que se recibiron este ano, que se suman a un total de cinco iniciativas en lista de espera por falta de fondos na pasada anualidade, seleccionáronse como beneficiarios de achegas un total de seis, ata esgotar o crédito, cun importe total para este ano de aproximadamente 450.000 euros.

Os proxectos fan referencia á posta en marcha dunha pensión no concello de O Pino (investimento de 400.000 euros e un 35% de axuda); á ampliación dun campamento de turismo de luxo en Touro (investimento de 80.000 euros e un 34% de achega); á modernización dunha empresa dedicada á elaboración de pensos en Vilasantar (investimento de 57.000 euros e achega dun 32%); á construción dunha nave en Melide promovida por Ramón Cabado SL. (investimento de 610.000 euros e un 30% de achega); e á ampliación da empresa Varela Mendoza S.L. de Vilasantar, dedicada ao quebrado de madeira (investimento de 350.000 euros e achega dun 29%).

Dentro dos proxectos non produtivos promovidos por asociacións sen ánimo de lucro, o GDR seleccionou ao único proxecto presentado. Cun orzamento inicial de 11.000 euros, o GDR facilitará o 54% da axuda a través do Leader á Asociación Alecrín de Melide para a edición dun libro e vídeo documental dedicado á recuperación de cantigas e lendas da comarca de Melide.

A xornada da Xunta Directiva e Asemblea Xeral rematou cunha degustación de produtos locais.

Un total de 13 empresas presentan oferta para os traballos da estrada AC-934, en Sobrado

Un total de 13 empresas presentaron as súas ofertas para executar a primeira fase das obras de reforma da estrada de titularidade autonómica AC-934, no Concello de Sobrado, co fin de reforzar a seguridade viaria de condutores e peregrinos mediante un investimento de máis de 1,6 millóns de euros.

Trátase da primeira fase da actuación prevista nesta estrada, concretamente entre o límite coa provincia de Lugo ata o núcleo das Abeleiras. Actuarase nun treito de 4,5 quilómetros, integramente no concello de Sobrado, para dar continuidade ás obras de mellora executadas nesta mesma vía entre o municipio lugués de Friol e o límite de provincia.

A actuación, impulsada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, suporá unha importante mellora da seguridade viaria desta estrada, coa ampliación da calzada para acadar un largo de plataforma de 8 metros. Ademais, realizarase unha rectificación das curvas de menor raio, garantindo en todo o treito un raio mínimo de 50 metros.

As obras suporán a rehabilitación estrutural de todo o firme e na travesía de Vilariño-O Mesón estenderase unha nova capa de rodada, ademais de ordenarse os aparcadoiros.

Xunto con isto melloraranse as principais intersecións coas vías locais, coa creación de cuñas de cambio de velocidade e semiglorietas para facilitar os cambios de sentido.

Crearase ademais unha senda de preto de tres quilómetros no treito de estrada coincidente co Camiño de Santiago do Norte, favorecendo a preparación da Ruta para a celebración do vindeiro Xacobeo 2021.

Comeza a tempada de alto risco de incendios e prohíbense as queimas agrícolas e forestais

O pasado 1 de xullo comezou en Galicia a campaña de alto risco de incendios forestais que se estenderá ata o 30 de setembro. Isto supón a suspensión sistemática dos permisos de queimas agrícolas e forestais. Esta prohibición poderíase prolongar dependendo das condicións meteorolóxicas do momento. Ademais, como novidade, xa está operativo o número de teléfono anónimo e gratuíto de denuncia dos incendiarios, o 900 815 085. Como nas últimas campañas, o operativo de verán estará integrado por uns 7.000 efectivos, unha trintena de medios aéreos e 360 motobombas, aos que se engaden cisternas, pas e outros vehículos.

CCOO insta ao Sergas a cubrir as ausencias en atención primaria en zonas como a comarca

A Federación de Sanidade de CCOO demandou do Sergas a cobertura das ausencias en atención primaria na área de Santiago, dado o incremento das necesidades asistenciais nesta época do ano. Segundo o sindicato, "os concellos atravesados polo Camiño de Santiago ven duplicada a súa poboación durante o período estival, situación especialmente notable en lugares como Melide ou Arzúa". Piden que a cobertura se faga, preferentemente, "mediante persoal eventual e non a través da fórmula da intersubstitución, xa que hai aspirantes dispoñibles nas listaxes públicas e evítase saturar as axendas do persoal que permanece no centro".

Tres rutas con visita final guiada ao Mosteiro de Sobrado durante o mes de agosto

O Concello de Sobrado organiza durante o mes de agosto unha serie de andainas os sábados día 3, 10 e 17. Serán de diferentes distancias que abranquen dende os 11 ata os 14 quilómetros e rematarán cunha visita guiada ao Mosteiro de Sobrado. A inscrición é gratuíta, aínda que limitada a 50 prazas, e a saída terá lugar do Concello ás dez da mañá. A actividade inclúe o reparto de bolsas para a recollida de lixo miúdo. Máis información no teléfono 981 787 508.

En marcha a programación Goza do Ulla 2019 que inclúe unha ruta en Santiso

Un ano máis está en marcha a programación Goza do Ulla que inclúe diferentes rutas por numerosos concellos ao redor do río Ulla. No caso de Santiso a actividade terá lugar o sábado 19 de outubro e transcorrerá polo sendeiro de Beigondo; unha etapa que se prolonga uns sete quilómetros. Ademais de en Santiso, tamén haberá rutas en Antas de Ulla, Arzúa, Vila de Cruces e Agolada ao longo dos meses de agosto, setembro e outubro. Máis información en cada Concello.

LAIA

zapateiros · artesáns

- Calzado Ecolóxico
- Coiro de curtido vexetal
- Reparación de calzado
- Tamén realizamos copias de chaves

Fabricación: 626 252 054
Reparación e chaves:
669 613 726 - 626 881 433

info@laiazapateiros.com
www.laiazapateiros.com

Pequeniños

ZAPATERIA INFANTIL

www.pequeninoszapateriainfantil.com

Rúa San Pedro, 4 - Melide

Tlfn.: 981 50 79 66

Muebles PAULA

EL CENTRO DEL MUEBLE EN EL CENTRO DE GALICIA

Tlf.: 981 50 57 59 - Fax: 981 50 55 07
Ctra. a Lugo, a 2 Km. de Melide - 15800 **MELIDE** (A Coruña)
www.mueblespaula.com / moblespaula@gmail.com

TRASPOME®

Fábrica de colchones desde 1985

Canapés, bases y somieres - Almohadas
100% fabricado en Galicia - Transformación de poliuretano

www.traspome.com
comercial@traspome.com
Ctra. de Lugo, Km 46 · Madanela · MELIDE (A Coruña)

Tel. 981 50 57 34
Fax. 981 50 55 07

* En xullo, non te perdas as nosas **Rebaixas** *

Travesía do Convento, 1 (981 94 24 15) - Melide

melide

santa MARIA

festa das Neves

2019

SÍGUENOS EN:

SORTEO DE 300€ DURANTE O DESCANSO DA VERBENA

CAMPO CUBERTO CON CARPA

Luns 5 agosto

13:00h Misa solemne e procesión

14:00h
Sesión vermú
coa ORQUESTRA

23:00h
Verbena coas
ORQUESTRAS

COSTA DORADA

CINEMA

COSTA DORADA

Espectáculos SEARA

Tfno./Fax: 986 582 549 - Móvil: 628 894 858
VILA DE CRUCES
espectaculosseara@hotmail.com

X Encontro Interxeracional

Persoas de todas as idades están chamadas a participar no décimo “Abrazo das idades” o próximo 27 de xullo

A Asociación Cultural Charamela de Melide celebrará o sábado 27 de xullo o X Encontro Interxeracional "O abrazo das idades"; un proxecto que representa a colaboración, traballo e entretemento entre persoas de todas as idades.

Como cada ano, dende a asociación cultural animan a participar a todos os veciños e veciñas creando pratos no obradoiro de cociña que se organiza para os máis pequenos, ou facendo a inscrición no "Ti si que vales", actividade esta na que as persoas de todas as idades poden demostrar as súas habilidades no canto, baile, contando chistes ou tamén tocando algún instrumento musical.

Ademais, a partir das oito e media da tarde a Asociación Cultural Charamela poñerá en escena a obra "O blús de Haroldo Barrenillo”.

Dende Charamela explican que queren facer do día 27 unha xornada “chea de amizade e compañeirismo entre os nenos, mozos e adultos aprendendo uns dos outros e conseguindo ter un día de diversión para todos”.

Mary Gómez Neira, presidenta de Charamela, recollendo o premio Terra de Melide á defensa do idioma hai unhas semanas

Inscricións en “Ti si que vales”

As inscricións na actividade “Ti si que vales” e no obradoiro de cociña xa poden facerse a través do enderezo electrónico accharamela052@gmail.com ou no Messenger de Melide Charamela, rematando o prazo o vindeiro 18 de xullo.

Para participar no “Ti si que vales” é preciso ter en conta que será admitida calquera modalidade ou especialidade (baile, canción, música, chistes, maxia, etc), ademais de que os participantes poderán facelo tanto de forma individual, como en parellas ou por grupos de non máis de 4 persoas. A actuación terá unha duración máxima de 4 minutos, podendo reducir este tempo a organización, se así o considera, e o acompañamento musical será proporcionado polo propio participante e entregado á organización do concurso como prazo máximo tamén o 18 de xullo. As actividades son gratuítas.

Os ritmos latinos invadirán Melide a fin de semana do 20 e 21 de xullo

A organización do SBK Festival espera superar o éxito acadado na edición anterior cunha elevada participación

Os ritmos latinos teñen adeptos en Melide e dende a asociación Alecrín sábeno ben. Tanto é así que a fin de semana do 20 e 21 de xullo organizan na vila o segundo festival e concurso de bailes latinos “Camiño de Santiago”.

Como o seu propio nome indica, o Melide SBK Festival inclúe os bailes latinos salsa, bachata e kizomba, ademais de varios obradoiros e talleres. “O sábado comezaremos toda a tarde con talleres gratuítos na praza Rosalía de Castro e a Praza do Convento; as 20.00 horas haberá un concurso e tamén actuacións de corenta profesionais entre os que se atopan campións do mundo e de Galicia, e os cantantes Guillermo Castro e Xoán Curros”, explica a presidenta de Alecrín, Auro Fernández, “ademais de acompañarnos o famoso Alexandro Livi”, engaden.

Xa pola noite, dende as 00.00h. e ata ben entrada a madrugada haberá festa social na praza Rosalía de Castro “onde se poderá bailar con todos os artistas e teremos djs de fama internacional”.

O festival continuará o domingo ao mediodía con un concurso de escolas de baile de toda Galicia na Praza do Convento, e posteriormente bailarase na zona de viños. Xa pola tarde realizaranse talleres gratuítos na praza Rosalía de Castro e praza do Convento.

Dende a organización esperan superar o éxito acadado na edición anterior “xa que son moitas as prazas para durmir que nos pediron que reservaramos, e ao mesmo tempo temos que engadir o concurso de escolas que se celebra o domingo”, sinalaron. “Esperamos que cada ano sexa mellor e agradecemos a todos os negocios do pobo, ao Concello e a todos os socios voluntarios o traballo realizado, xa que sen eles non sería posible facer un Festival desta categoría”.

Nesta segunda edición participan no concurso unhas doce parellas de distintas disciplinas. Ademais, achéganse artistas e participantes de toda Galicia, Castela e León, Asturias, Madrid ou Salamanca. Do mesmo xeito, os talleres acollen a persoas de toda Galicia e España, e por suposto de Melide e concellos limítrofes; uns talleres que son para calquera idade e totalmente gratuítos.

A edición anterior foi todo un éxito de participación

Melide celebra o Corpus coa tradicional alfombra na praza do Convento

A praza do Convento de Melide volveu a engalanarse un ano máis coas tradicionais alfombras de Corpus para celebrar esta data tan sinalada no calendario. Durante semanas moitos veciños e veciñas prepararon a flor e o verde durante as tardes no pazo de congresos para colocala na praza do Convento. Dende o ente local, destacaron especialmente a colaboración dos usuarios e usuarias do centro ocupacional, que durante as súas horas lectivas tamén realizaron labores de preparación de material para a alfombra de Corpus. A novidade deste ano foi a representación do apóstolo Santiago nunha figura de cartón pedra realizada polo artista local, Xosé Manuel Broz.

Nuno Costa e Paula Mayobre vencedores na media maratón Os 21 do Camiño

Fotos: A.A.

Segundo o previsto, así foi a última edición da media maratón Os 21 do Camiño disputada entre Palas de Rei e Melide o pasado mes de xuño. Nuno Costa foi o gañador na categoría masculina cun tempo récord de 1.08.14; mentres que na categoría feminina a vencedora foi Paula Mayobre cun tempo de 1.25.26. Nesta edición participaron oitocentos deportistas que percorreron os 21 quilómetros que discorren polo Camiño de Santiago, na súa meirande parte, con treitos de camiños e zonas de terra.

Melide, capital das motos durante a última fin de semana de xuño

A sétima edición do Festival Motorock Milli Riders reuniu durante a última fin de semana de xuño en Melide a centenares de persoas chegadas dende diferentes puntos de Galicia e tamén a nivel nacional. As actividades comezaron o venres e estendéronse ata o domingo, cando ao mediodía tivo lugar unha comida de confraternidade como peche desta edición. Durante o domingo ademais, tres clubs de motos foron premiados pola súa implicación coa organización deste evento melidense. Os recoñecementos foron para Os Mouchos de Paradela, o motoclub do Valadouro e O Corte de Monterroso. Os clubs que máis participantes aportaron a esta edición do festival en Melide foron o colectivo do Val do Ulla, Os Esquíos e o da Pobra de Trives, mentres que o premio ao motorista chegado dende máis lonxe foi para un residente en Yorkshire, no norte de Inglaterra.

Música e movemento para celebrar os dez anos de actividade de Herba Grileira

En movemento e rodeados de centos de persoas, como non podía ser doutra maneira. Así celebrou o seu décimo aniversario a asociación cultural e musical Herba Grileira o pasado mes de xuño. Durante toda unha xornada a música non parou de soar en cada recuncho de Melide, primeiro co A pé de rúa dos alumnos, e máis tarde cos concertos de “Pablo Esqueira & Tonecho Castelos” e “Comando Curuxás”. Música e actividades para celebrar cos alumnos e os veciños dez anos de intensa actividade.

Nahum Ayude, á Selección Española de Kickboxing

Nahum Ayude, de Santiso, foi convocado pola Selección Española de Kickboxing para acudir ao campionato de Europa a celebrar en Gyor (Hungría), do 23 ao 30 de agosto. Nahum, o único representante masculino de Galicia, acudirá á cita xunto con dúas participantes galegas de Narón e Pontevedra. Para este multideportista trátase do seu primeiro europeo de kickboxing, feito polo que acode moi motivado. Na foto, Nahum co seu adestrador no medio da competición replantexando o combate.

I Encontro para Mulleres Dixitalizadas

A Asociación de Mulleres Rurais Alecrín de Melide asistiu ao I Encontro para Mulleres Dixitalizadas que se celebrou en Madrid, sendo o colectivo melidense o único galego que asistiu a este acto. Dixitalizadas é un proxecto da Fundación Cibervoluntarios, Fundación Mulleres e Google.org, para formar en competencias dixitais a mulleres do ámbito rural para promover a súa empregabilidade. O I Encontro para Mulleres Dixitalizadas, ao que asistiu a presidenta de Alecrín, Aurora Fernández, contou coa presenza da ministra de Economía e Empresa en funcións, Nadia Calviño.

Concerto de fin de curso

Os alumnos e alumnas do Conservatorio de Grado Profesional de Melide clausuraron o curso 2018/2019 cun concerto para todos os públicos e aberto a toda a veciñanza na casa da cultura. Durante a súa actuación amosaron o aprendido nas diferentes áreas musicais ao longo de todo o curso e nas distintas modalidades. Tamén houbo tempo para escoitar á banda e á orquestra do conservatorio municipal de Melide.

106 anos de vitalidade

O alcalde de Melide, José Manuel Pérez, acompañado de membros do seu goberno, achegouse ata a parroquia de Maceda para visitar a María Barreiro, veciña melidense que cumpriu 106 anos. María Barreiro é a persoa con máis idade do Concello de Melide e cada 20 de xuño celebra o seu aniversario. Actualmente vive cunha das súas fillas e continúa mostrando gran vitalidade. O alcalde de Melide achegouse ata a súa casa para entregarlle un ramo de flores e desexarlle un feliz día acompañada dos seus familiares e amigos. Melide é unha das vilas que conta con máis centenarios. Actualmente preto de 380 habitantes do municipio teñen máis de 85 anos.

Día da Bici e Festa do Río en Sobrado

O sábado 13 de xullo Sobrado celebra a XIII Festa do Río na área recreativa da Pontepedra. Música e animación de rúa amenizarán a xornada. Xa o domingo 28 de xullo terá lugar a décimo terceira edición do Día da Bici. Para participar nesta actividade as persoas interesadas poden inscribirse ata o 24 de xullo. A saída terá lugar ás once da mañá e media hora antes os participantes poderán recoller os dorsais.

Campamentos de verán en Melide

Os campamentos urbanos do Concello de Melide superan este ano todos os récords de participación con máis de cen nenos inscritos de diferentes idades que acudirán cada día ao CEIP Número 1 de Melide para participar nas diferentes actividades.

Son un total de 112 nenos e nenas distribuídos en diferentes semanas ata o venres 9 de agosto. Esta cifra, pode ir en aumento segundo vaian pasando as semanas, xa que o Concello ofrece a posibilidade de realizar as inscricións por semana e polo tanto o prazo está aberto ata a última semana de actividade.

Este ano ofrécense dúas alternativas. Por unha banda, a que se denomina "Verán de aventuras" para nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 e 15 anos onde se traballará especialmente a creatividade dos cativos. Pola outra, un campus deportivo para nenos e nenas con idades comprendidas entre os 8 e 15 anos. Será unha actividade dirixida á practica da maior variedade posible de xogos e modalidades deportivas aproveitando as vacacións estivais dos adolescentes.

Co desenvolvemento desta alternativa deportiva búscase evitar o sedentarismo e fomentar os valores asociados ao deporte como a convivencia, a tolerancia, a vida saudable, etc.. facendo uso das infraestruturas deportivas e contorno natural de Melide.

O horario dos campamentos é de 8.45h a 14.15h. de luns a venres, a excepción de dous días: o 16 de xullo, festa do Carme e festivo local en Melide, e o 25 de xullo, día do Apóstolo, festivo autonómico. A actividade lévase a cabo no pavillón polideportivo do CEIP Número 1 de Melide, nas instalacións do edificio multiusos, e nos polideportivos do IES e da Martagona.

Todas as persoas interesadas en realizar a inscrición no campamento de verán da vila poderán facelo poñéndose en contacto co departamento de Cultura do Concello de Melide.

Melide, vila solidaria

O Concello de Melide foi recoñecido pola Axencia de Doazón de Órganos e Sangue de Galicia polo seu labor en prol da doazón de sangue, debido as últimos datos que aportan as estatísticas en canto aos datos dos melidenses á hora de realizar este acto altruísta. Xunto co Concello de Melide, tamén obtiveron recoñecemento nesta edición os concellos de Chantada, Gudiña e Cambados. O recoñecemento foi entregado nun acto desenvolvido na Cidade da Cultura con motivo do Día Mundial do Doador de Sangue.

O CATASTRAZO

O Ministerio de Facenda, cando Montoro levaba a carteira, lanzou un proceso masivo de investigación para sacar á luz todos aqueles inmobles que non estaban dados de alta no Catastro, é dicir, existían na realidade pero non para o Catastro porque as persoas titulares non as declararon, como é obrigado. Este proceso de regularización deuse en chamar "o catastrazo".

Levouse a cabo en todos os concellos do Estado. A Melide xa lle tocou no ano 2015 e a Santiso e Toques, en 2018.

Cando a Dirección Xeral do Catastro enviou as notificacións cos novos valores catastrais asignados a cada referencia catastral, viñan acompañadas dun recibo de 60 euros por referencia catastral regularizada. Como a información á cidadanía foi practicamente inexistente, moitas veciñas e veciños pensaron que ese era o importe que tiñan que pagar para regularizar a situación das súas casas, palleiras, garaxes, piscinas, cortes, terrazas, soportais... e pagar así a penitencia polo pecado de non cumprir coa obriga fiscal de declarar o que posúen.

Facenda somos todas e todos, e así ten que ser se queremos servizos públicos de calidade e unha economía de base social fundamentada en criterios de solidariedade.

Pero, o que a maioría da xente non esperaba é que, meses despois, lles chegaran recibos da Deputación da Coruña, co Imposto de Bens Inmobles (IBI ou contribución) polos anos xa pasados e pagados.

Contribución, fermosa palabra que, neste caso, agacha un afán desmedido do estado por recadar. Os xa mencionados 60 euros non regularizaban a situación "irregular" da nosa casa. Era a factura polos traballos do Catastro.

As liquidacións complementarias do IBI ou "os atrasos" que enviaban correspondían a anos pasados non prescritos. Nelas, a Deputación dicíanos que eses anos pagaramos menos do que nos correspondía e que tiñamos que pagar agora a diferenza entre o que pagamos e o que tiñamos que ter pagado.

Nesa tesitura están agora mesmo as veciñas e veciños de Toques e Santiso, que están a recibir os tan temidos "atrasos".

Este proceso que, insistimos, foi un mandato da facenda do goberno central, salpicou de cheo aos concellos, que tiveron que lidar coa veciñanza cabreada pola suba de impostos.

Todos os concellos, sen excepcións, apresuráronse a aprobar bonificacións no IBI para os inmobles afectos a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais e tamén a baixar o tipo impositivo (0% que aplica o Concello sobre o valor que impón o Catastro) para que esta súper recadación non lles pasara factura nas eleccións.

Toda esta situación debería servir para repensarmos o modelo fiscal que aplican os concellos e chegar a unha imposición máis xusta, áxil, moderna e solidaria.

Non ten sentido que Melide teña un Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (a plusvalía municipal) que tanto o Tribunal Constitucional coma o Tribunal Supremo veñen de limitar e que, realmente, supón unha dobre tributación cando se transmite a propiedade, ou calquera outro dereito real, dun ben inmoble de natureza urbana, xa sexa por compravenda, doazón ou herdanza.

A plusvalía ou o ICIO son impostos que o propio Concello decide se cobra ou non. A postura dun equipo de goberno sobre este tema define a súa visión da fiscalidade municipal.

As veciñas e veciños, coma en todo, temos moito que dicir e que opinar sobre esta cuestión. Para iso temos que estar ben informadas e informados.

Comunicación, información, escoita activa e diálogo coas persoas que nos representan no Concello son fundamentais para esixir os nosos dereitos e cumprir os nosos deberes.

ASOCIACIÓN VECIÑAL MELIDÁ

Móbil: 601 60 44 88

E-mail: asociacionmelida@gmail.com

MEyPA
Instalaciones eléctricas
663 972 281
info@meypainstalaciones.es
INSTALACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA PARA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS
(Subvencionable hasta el 40%)
TRAMITACIÓN DE SUBVENCIONES
INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO
Síguenos en:

CHUVIA DE PAPEL

VALENTES,
HAI QUEN DI QUE TEMERARIAS (...)



Meu Deus que alta está a alarma, dáme ganas de estampala contra a parede. Estou atordada, que día é hoxe? Venres, vale e son as nove. As nove? Chego tarde á clase. Es un desastre. Jodeeer, jodeer. Espera. É día 8. 8M? Vaia, que mágoa. O ano pasado desexara que este día endexamais fose necesario, pero si que o é. En fin. Voume vestir que non chego á manifestación. Porque teño que ir, alguén ten que velar polas que van nacer, polas que estamos sobrevivindo e polas que mataron, digo eu. Polas que mataron. Xesús, que terrorífico soa. Parece que non che vai tocar ata que che toca. Cando menos sabes que as rapazas te entenden, que aínda onte me veu un energúmeno chamar feminazi. Azi? Azí que che había de pegar eu unha boa labazada. E é que é certo. Rapaza o escote, rapaza senta ben, rapaza peitéate, rapaza por Deus que cara, mulleres ao volante perigo constante, as mulleres onde mellor están é na cociña, e ti que tes a regra? O que é entretido é a polla, e o que é aburrido é un coñazo. E que é pechar os ollos e lembrar todo iso. Dor, impotencia e bágoas, xa estades outra vez no meu corpo. E é que é normal, non me fastidies. Aturar iso día tras día mentres medras. E non é todo, que é o que lle ronca. Estudas, fórmaste e despois aínda non te collen porque... por que? Pois porque es muller. Hai que joderse! Ou bueno, coller cóllente, pero cobras menos. Ou sexa, ti traballas o mesmo si, pero es muller. Se xa o dixo aquela anciá da aldea. Non lle botes un feitizo, que xa tivo bastante con nacer rapaza. Miña nai querida, é que pensas todo iso e dáche gaña de volver para a cama e non espertar nunca, nunca máis. Porque claro, na casa tamén hai machismos e xa non podes máis. Lucía, que dis? Claro que podes. Arredemo se non podes. Como non has de poder? Podes, tes e queres facer que as meniñas non teñan o medo que tes ti de ir soa, así que veña, sae aí fóra, xúntate ao movemento, e facede historia.

- O que todas pensamos, e ninguén sabe.

Lucía Iglesias Vilela
Alumna de 1º de Bacharelato do IES Melide

CORAZÓN DE TINTA

COVARDÍA

ELA:

Coma o lique á negra pedra,
coma a lingua ao xeo duro,
un gran sentir preso medra.

Din que me vou recuperar,
que só me fai falta tempo,
pero non me poden calmar.

E freo este sentimento,
choro e desafógome
deste doloroso lamento.

EL:

Seca mais apodrece, cae.
Funde, escorrega por min,
quéimame a pel que decae.

Pensando quedou na rúa
Cunha amargura no peito,
Só lle quedaba a lúa.

E freo este sentimento,
choro e desafógome
da mágoa que me alimento.

ELA:

Non sei que pasará hoxe
nesta dura despedida
daquel que de noite foxe.

EL:

Ladrón do seu camiñar,
prisioneiro do seu amor,
morto cando a vin marchar.

Sara Folgueira Fernández
María Rodríguez Rodríguez
Sofía Novo Vázquez
Uxía Ramos Prado
Saray López Ramos
Brais Vázquez Vila
Alumnos/as de 1º de Bacharelato do IES Melide

“Non deberían existir as rebaixas, debería establecerse un prezo axeitado á prenda”

En novembro Tu Boutik cumprirá o seu sétimo aniversario; unha tenda que comezou sendo exclusiva para cabaleiro e que máis tarde ampliou o seu horizonte tamén ao sector da muller. A súa propietaria, Lila Quinteiro, recoñece que o pequeno comercio non atravesa polo mellor momento, continuamente suxeito a promocións, descontos e rebaixas insostibles, e destaca a necesidade de facer fronte ás grandes plataformas que operan a través de Internet. Con todo, di atopar no seu traballo unha das maiores satisfaccións cada vez que se detén a vestir e aconsellar a un cliente.

- Que tipo de moda podemos atopar en Tu Boutik?
- Lila Quinteiro (L.Q.): Empecei con zona de festa, pero agora somos unha tenda multimarca. Somos especialistas en noivo, temos unha gran cantidade tanto de traxes de noivo como de cerimonia de cabaleiro; e despois tamén en cabaleiro traballamos con diferentes marcas a roupa de todos os días, tanto en pantalón, como camisa e xersei. Logo en canto a señora tamén dispoñemos de diferentes marcas tanto para festa como para “calle”. O que si, adoitamos traballar sempre buscando calidade e deseño, traballando tanto con marcas españolas como non españolas.

- E en canto a talles e idades?
- L.Q.: En cabaleiro empezamos a traballar a partir do talle 12, que xa colle talle de adulto, ata un talle de señor moi maior, porque tamén temos a roupa máis básica para eles. E en señora tamén temos algo para un estilo máis xuvenil, aínda que o que máis traballamos é moda para mulleres de 30 anos en diante ata unha señora moi maior. A nivel xeral podería dicir que empezamos a traballar cun talle pequeno ata o talle máis grande que damos conseguido tanto en cabaleiro como en señora.

- É certo que a moda sempre vai a unha velocidade vertixinosa?
- L.Q.: Si, de feito nós agora mesmo xa estamos comprando a colección de verán do ano que vén. Está estipulado así porque hoxe en día o empresario traballa só sobre o pedido.

- E cales van a ser as tendencias para o próximo verán?
- L.Q.: Para o ano que vén as tendencias continuarán un pouco o estilo deste verán. Mandarán o vermello, o amarelo, o rosa pau, así como os estampados e tamén as liñas máis clásicas como por exemplo o vestido largo para muller. En cabaleiro tamén se levarán colores vivos, pantalóns con pinzas como se levaban antes, pero nunha liña máis xuvenil, e levarase o cadro e a raia en traxe. Tamén volve o traxe de cruzado en cabaleiro, que xa había moitos anos que non se vía, e a camisa branca perde forza que pasa a ser substituída por camisas con algún detalle ou cor diferente. Tamén estamos vendendo moi ben a pajarita de madeira, que a facemos moi exclusiva e deseñada, e vemos que os homes se atreven a levar máis o tirante, así como un zapato máis deportivo co traxe. Estamos vendendo esa idea de “poder poñer o traxe outro día”, de vestir un home que vai a unha cerimonia elegante pero que ao mesmo tempo a roupa lle sirva para poñer outro día.

- Como se atopa o sector da moda para festa, cambiou moito ao longo dos anos?
- L.Q.: A xente para festa segue comprando igual; queren destacar sen deixar de ser eles mesmos, pero ir moi arranxados.

- E o comercio local en xeral, como o ve?
- L.Q.: Véxoo bastante frouxo en xeral, sobre todo porque non se pode competir con Internet, e menos con plataformas como Amazon, e todo pese a que os produtos que venden non se poden tocar, ver, nin saber como son. Mentres, no pequeno comercio poden probar e reciben asesoramento; e aínda así a xente prefire comprar a través de Internet en vez de nunha tenda física.

- Que solución propón vostede a esta situación?
- L.Q.: Que estas plataformas paguen os portes coma nós, impostos coma nós e que os paguen en España. Se tivesen que declarar tal e como o facemos nós e pagasen aos empregados o que lles corresponde, a diferenza co comercio local non sería tan grande.

- Cre que o pequeno comercio recibe o apoio suficiente das administracións?
- L.Q.: Non. Case diría que non recibe ningún. Deberían implicarse un pouco tratando de regular un pouco máis aos grandes, porque os grandes están comprando a sardiña e coméndoa e aos pequenos estannos dando a espiña a ver se a damos comido; iso é o que pasa.

- Que opinión lle merecen os períodos de rebaixas?
- L.Q.: Hoxe en día o período de rebaixas como tal véxoo un pouco desfasado, porque cada un vai por libre. As grandes áreas dedícanse a poñer “promoción”, “oferta”, “día especial” e cousas así continuamente, pero logo se vas alí non ves tanta ganga como ofrecen. Tamén hai outro aspecto, chegan as rebaixas e fanlle desconto a pezas de roupa que son de temporadas pasadas, pero que tentan vender como actuais, e o peor é que a xente non ve iso. Sen embargo, no pequeno comercio ofrecémoslle diariamente un outlet con prendas que nos van quedando atrasadas con tallas únicas e non queren iso, e van ao grande e cómprano como moda actual.

- Sería vostede partidaria de regularizar un período de rebaixas?
- L.Q.: Tampouco. Na miña opinión non deberían existir nin as rebaixas nin as promocións, nin as campañas de ningún tipo para ninguén. Debería establecerse un prezo axeitado sobre a prenda e nada máis, e sobre todo co tempo e as condicións meteorolóxicas que temos hoxe en día, que non hai nin verán nin inverno definido.

- Forman parte da Asetem, que demandaría para que o sector funcionase mellor?
- L.Q.: Dende o meu punto de vista deberían vixiarse máis as cousas para que non se produzan situacións raras como que nos sorteos de determinadas campañas recaian todos os premios nunha mesma persoa ou familia. Iso debería ter unha sanción. E tamén deberían facilitarnos máis cursos, non charlas, senón cursos de vendas, de información, etc; así como protexernos máis como colectivo.

- Para rematar con boas sensacións, que é o mellor do seu traballo?
- L.Q.: O que máis me gusta e o que máis satisfacción me produce é abrazar á madriña cando se pon moi nerviosa, tan nerviosa que se lle soltan as bágoas, consolala; ao padriño explicarlle como ten que tratar á noiva; ao noivo dicirlle como ten que agarrar á madriña, explicarlle como ten que estar no altar; ir á casa para axudar a vestilos, estar con eles un anaquiño; todo iso para min é algo excepcional, é un disfrute o poder aconsellar á xente, non é unha venda, é un sentimento que vai moito máis alá, e ese día a día é o que me eleva a min a moral; iso é o mellor do meu traballo.

Tu Boutik
Tlf: 881 95 63 94
Ronda Pontevedra, 61 (Melide)

ESTOS PEQUEÑOS AUDÍFONOS
TE CAMBIARÁN LA VIDA
SIEMENS

Audinor®
CENTROS AUDITIVOS
REG. SANITARIO : E-27000375

NADIE SABRÁ QUE
LOS LLEVAS,
¡SOLO TU!

DISTRIBUIDOR
SIEMENS

EN
MELIDE

Véalos en
CLÍNICA MÉDICA
RosaLmaR
Plaza das Universidades 5
Tfno 981 50 62 26